

EU DE FISIOTERAPIA

Campus de Oza s/n, A Coruña

Actualizado a outubro de 2005

Nome e Enderezo:

EU de Fisioterapia
Campus de Oza s/n
15006 A Coruña
Tel.: +34.981.167000
Fax: +34.981.167155
Páxina web: www.udc.es/euf

Director :

Fernández Cervantes, Ramón

Coordinador ECTS

Ramón Fernández Cervantes
EU de Fisioterapia
Tel.: + 34 981 167000 (Ext.: 5803/5848)
Correo electrónico: rafecer@udc.es / eufico@udc.es

Calendario académico:

O período lectivo iníciase o día 26 de setembro de 2005 e finaliza o 17 de setembro de 2006, e divídese en dous cuatrimestres, o primeiro dos cales abarca do 26 de setembro ao 27 de xaneiro, e o segundo do 20 de febreiro ao 9 de xuño. Os exames ordinarios teñen lugar nos períodos correspondentes do 30 de xaneiro ao 17 de febreiro, para o primeiro cuatrimestre, e desde o día 12 de xuño ao 5 de xullo para o segundo. Canto á convocatoria de setembro, os exa mes terán lugar entre o día 1 e o 16.

Descrición xeral do centro – departamentos:

- Bioloxía Celular e Molecular
- Ciencias da Saúde
- Filoloxía Inglesa
- Fisioterapia
- Medicina
- Psicoloxía

LINGUA DE ENSINO. Galego/Castelán

DIPLOMADO EN FISIOTERAPIA

O ensino conducente á obtención do título oficial de Diplomado en Fisioterapia deberá proporcionar unha formación adecuada nas bases teóricas e nas técnicas e actuacións propias da Fisioterapia.

SAÍDAS PROFESIONAIS

SECTORES. Hospitais, clínicas, clubs deportivos, centros de rehabilitación e ambulatorios, tanto privados como dependentes da Seguridade Social. Empresa privada. Profesión libre.

FUNCIONES. Rehabilitación en pediatría. Tratamento no deporte, traumatoloxía e postraumatoloxía, reumatoloxía, xeriatria e neuroloxía. Servizos sanitarios nas empresas. Clínicas privadas e propias. Asistencia a domicilio. Masaxes terapéuticas

PLANO DE ESTUDOS 651 012

Data de homologación: 18/09/97	Data publicación BOE: 11/03/98	Curso de implantación: 97/98
---------------------------------------	---------------------------------------	-------------------------------------

DISTRIBUCIÓN DOS CRÉDITOS

Ciclo	Curso	Troncais	Obrigatorias	Optativas	Libre	PFC	Total
-------	-------	----------	--------------	-----------	-------	-----	-------

		(ECTS)	(ECTS)	(ECTS)	Configuración		(ECTS)
1º	1º	42 (46)	4,5 (5)	9 (9)	7 -	-	62,5 (60)
	2º	47,5 (48)	7,5 (7.5)	4.5 (4.5)	7 -	-	71 (60)
	3º	57,5 (51)	-	9 (9)	7 -	-	73,5 (60)
TOTAL		147 (145)	12 (12.5)	27 (22.5)	21 -	-	207 (180)

PROXECTO DE FIN DE CARREIRA. Non se esixe.

CRÉDITOS POR EQUIVALENCIAS. Até 21 créditos de materia troncal "Estadías Clínicas" por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas etc.

Equivalencia: 1 crédito práctico/clínico = 25 horas.

ORDENACIÓN TEMPORAL NA APRENDIZAXE:

- *Fisioterapia Neurolóxica e Psicomotriz* é co-requisito para *Fisioterapia en Especialidades Clínicas I*.
- *Fisioterapia Respiratoria* é prerequisite para *Fisioterapia en Especialidades Clínicas II*.
- *Fisioterapia Manipulativa Articular* é prerequisite para *Fisioterapia en Especialidades Clínicas II*.
- *Fisioterapia Especial* é prerequisite en *Especialidades Clínicas I*.
- *Estadías Clínicas I* é prerequisite para *Estadías Clínicas II*.

ACCESO A OUTRAS TITULACIÓNS

Unha vez superada esta titulación terase acceso ao 2.º ciclo de:

- Ldo. en Comunicación Audiovisual (BOE 12/6/92), Documentación (BOE 5/8/93), Publicidade e Relacións Públicas (BOE 12/6/92), Xornalismo (BOE 12/6/92), Historia e Ciencias da Música (BOE 28/9/95 e 24/12/99), Humanidades (BOE 27/12/93), Lingüística (BOE 13/1/93), Tradución e Interpretación (BOE 27/12/93) e Historia da Literatura e Literatura Comparada (BOE 17/09/99).

ORGANIZACIÓN DO PLANO DE ESTUDOS

Cód.	Tipo	MATERIA	Créditos (ECTS)	Teórico	Práctico
PRIMEIRO CURSO					
101	T	<p>Fisioterapia Xeral I</p> <p><i>Descrición.</i> Fundamentos de Fisioterapia. Electroterapia. Vibroterapia.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Preténdese que o alumno coñeza a fundamentación teórica da fisioterapia e os métodos e técnicas de tratamentos básicos cuxos axentes físicos son a electricidade e as ondas ultrasónicas, así como a súa aplicación práctica.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Introducción histórica á fisioterapia. Marco conceptual da Fisioterapia. Clasificación - Historia da Fisioterapia - Axentes físicos - Electroterapia - Correntes de baixa frecuencia (Galvánica pura) - Correntes de baixa frecuencia (Correntes variables) - Correntes de media frecuencia - Electrovaloración neuromuscular - Electroanalxesia - Electropotenciación muscular 	9 (10)	3.5	5.5

		<ul style="list-style-type: none"> - Correntes de alta frecuencia (Onda curta) - Correntes de alta frecuencia (Ondas decimétricas) - Mecanismo de produción dos ultrasóns - Técnica de aplicación do ultrasón <p><i>Bibliografía:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Belloch V, Caballe C, Zaragoza R. Manual de terapéutica física y radiología. 3ª edición. Valencia: Saber, 1972. • Licht S. Historia. En: Basmajian. Terapéutica por el Ejercicio. 3ª edición. Buenos Aires: Panamericana, 1989: 15 – 45. • Boada J. Manual Práctico de Electroterapia. Barcelona: Universitaria de Barcelona, 1982. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba teórica e práctica</p> <p><i>Profesores:</i> Ramón Fernández Cervantes, Alicia Martínez Rodríguez, Gustavo Paseiro Ares</p>			
102	T	<p>Fisioterapia Xeral II</p> <p><i>Descrición.</i> Cinesiterapia. Valoracións, test e comprobacións funcionais nos seus fundamentos, modalidades e técnicas.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Preténdese que o alumno coñeza os métodos e os procedementos de valoración fundamentais para a aplicación e o desenvolvemento do proceso de atención fisioterápica. Así mesmo, dentro dos métodos e das técnicas de tratamentos básicos, aqueles que se basan na aplicación do movemento como agente físico, así como a súa aplicación práctica. Entendemos por método e por técnicas básicas, aqueles en que se fundamenta a Fisioterapia e que constitúen a base ou o apoio principal dos métodos especiais que se estudan no segundo curso.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Quinesioterapia - Quinesioterapia pasiva - Quinesioterapia activa - Quinesioterapia activa-asistida - Quinesioterapia activa-resistida - Mecanoterapia - Isocinéticos - Valoracións e medicións. Tipos - Valoracións e medicións. Goniometría - Organización dunha unidade de fisioterapia - Dotación dunha unidade de fisioterapia <p><i>Bibliografía:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • BELLOCH V, CABALLE C, ZARAGOZA R. Manual de terapéutica física y radiología. 1ª edición. Valencia: Saber, 1970 • GENOT C, NEIGER H, LEROY A et al, Kinesioterapia. Principios. Evaluaciones. Técnicas pasivas y activas del aparato locomotor. Buenos Aires: Médica Panamericana, 1988 • MITCHEL Los estiramientos. Bases científicas y desarrollo de ejercicios. 2ª edición. Barcelona: editorial Paidotribo, 1992 <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba teórica e práctica</p> <p><i>Profesores:</i> Luz González Doniz, Miriam Barcia Seoane, Sergio Patiño Núñez</p>	10 (11)	3.5	6.5
103	T	Anatomía Humana	9 (10)	6	3

		<p><i>Descrición.</i> Anatomía, Histoloxía e Cinesiolo xía: Movementos realizados no organismo humano e as súas consecuencias orgánicas. Movementos habituais.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Proporcionará aos estudantes os datos morfolóxicos fundamentais acerca das estruturas que constitúen o corpo humano que poderán completarse, en todo caso, con programas de posgrao e materias de libre elección, onde se poderá ensinar a Anatomía con diferentes enfoques, outras motivacións e distinta profundidade.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Anatomía microscópica - Aparello locomotor - Esplacnolo xía - Aparello dixestivo - Aparello respiratorio - Aparello xenito-urinario - Sistema endocrino - Sistema nervioso - Estesiolo xía <p><i>Bibliografía:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Carlson BM. Embriología básica de Patten. 5ª ed. México: Interamericana; cop. 1990 • Feneis H. Nomenclatura anatómica ilustrada . 4ª ed. Barcelona: Masson; 2000. • Sobotta, atlas de anatomía humana. 21ª ed. Madrid : Médica Panamericana; 2000. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesores:</i> Javier de Toro, Isaac Fuentes Boquete</p>			
104	T	<p>Fisioloxía Humana</p> <p><i>Descrición.</i> Natureza, estrutura e función das biomoléculas. Fisiolo xía dos aparellos e sistemas, con especial énfase no aparello locomotor e no sistema nervioso.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da fisioloxía celular - Propiedades bioeléctricas das membranas - Fisioloxía xeral da neurona - Fisioloxía do músculo e da contracción muscular - Integración sensoriomotora - Sistema nervioso - Sangue e sistema inmunitario - Sistema cardiocirculatorio - Sistema respiratorio - Ril e os líquidos corporais - Sistema dixestivo - Endocrinoloxía e nutrición - Fisioloxía da reprodución - Fisioloxía do embellecemento <p><i>Bibliografía:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Kandel ER, Schwartz JH, Jessell M editores. Principles of neural science.4th ed. New York : McGraw-Hill; 2000. • Shepherd GM. Neurobiología. Barcelona : Labor; 1990. • Somjen GG. Neurofisiología . Buenos Aires: Panamericana: 1986. 	9 (10)	7	2

		<p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas y prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba oral</p> <p><i>Profesores:</i> Javier Cudeiro, Javier, Fernando Cordido Carballido, J. Casto Rivadulla Fernández, Luís M. Martínez Otero</p>			
105	T	<p>Fisioterapia Xeral III ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Masoterapia, Termoterapia, Crioterapia, Fototerapia, Hidroterapia.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Preténdese que o alumno coñeza os métodos e as técnicas de tratamento básicos, así como a súa aplicación práctica. Entendemos por métodos e técnicas básicas, aqueles en que se fundamenta a fisioterapia e que constitúen a base ou o apoio principal dos métodos especiais que se estudan nas materias de segundo e de terceiro curso.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Fototerapia - Radiación ultravioleta - Masoterapia. Principios xerais da súa aplicación - Termoterapia - Hidroterapia. Modalidades de aplicación - Laserterapia - Magnetoterapia <p><i>Bibliografía:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • BELLOCH V, CABALLE C, ZARAGOZA R. Manual de Terapéutica física y Radiología. 3ª edición. Valencia: Saber, 1972: 200 – 11 • BOEGEY M. Manual del Masaje. 5ª edición. Barcelona: Masson S.A., 1989 • LEHMANN J F, LATEUR J. Diatermia y Terapia de calor y frío. En: Kottke F J, Stillwell G, Lehmann J <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesoras:</i> Socorro Ribero, Sandra Martínez Bustelo</p>	5 (5)	2	3
106	D	<p>Bioquímica e Biofísica e Radioloxía ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Principios do movemento biomecánico da bioloxía nos fluídos, gases e os sólidos, a termodinámica, as leis fundamentais da electricidade e electrónica. Así mesmo, tense que incluír a fundamentación biofísica da vibroterapia e a terapia por radiacións. Na bioquímica téñense que expoñer as reaccións ocorridas nas diferentes células do organismo humano e a bioquímica da auga, lípidos, proteínas, encimas, azucres, hidratos de carbono, aminoácidos, nucleótidos e ADN. Bases da radioloxía. Morfofunción humana estudada cos procedementos radiolóxicos. Radioloxía aplicada á Fisioterapia.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Biomoléculas e bioelementos. Estrutura, propiedades e funcións dos glúcidos, lípidos, aminoácidos e proteínas. - Ácidos nucleicos. Estrutura e función do ADN e dos ARN. - Encimas e cinética encimática. - Metabolismo dos hidratos de carbono, lípidos e do nitró xeno. - Transmisión da información xenética. - Magnitudes e unidades. Sistema de referencia. - Traballo. Enerxía. Rozamento. Esfuerzo e deformacións. - Calor e temperatura. Propagación da calor. - Biorreoloxía. Fluídos. Principios de hidrostática. Fluídos. 	4.5 (5)	4.5	-

		<ul style="list-style-type: none"> - Biofísica dos sólidos. - Movemento vibratorio. Son. Ultrason. - Electricidade. Cargas, campos. Elementos eléctricos activos e pasivos. - Radiación electromagnética. Espectro electromagnético. - Proceso xeral de medida. Detección e transmisión da información. Tradutores. Eléctrodos. - Bases físicas de radioloxía diagnóstica e terapéutica. Raios X. Imaxe radiolóxica. Radioactividade. - Radiografía e técnicas radiográficas especiais. - Escáner. Resonancia magnética. Ecografía. Medicina nuclear. - Elementos de radiobioloxía e radioprotección. - Morfofunción corporal humana estudada cos procedementos radiolóxicos. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesores:</i> Rosa Meijide Failde, Manuel Becerra Fernández</p>			
		Optativas a 4.5 c. ECTS (élfese unha por semestre)	9 (9)		
		Libre configuración	7 (7)		
SEGUNDO CURSO					
201	T	Estadías Clínicas I <p><i>Descrición.</i> Función intra e extrahospitalaria e na atención primaria, realizando a integración dos coñecementos que se vaian adquirindo a casos clínicos coa aplicación das actuacións e de tratamentos fisioterapéuticos necesarios dentro do tratamento xeral e conservación da saúde.</p> <p><i>Obxectivos:</i> Preténdese que o alumno coñeza o proceso de intervención fisioterápica e aplique os métodos e técnicas xerais e especiais de valoración e de tratamento de Fisioterapia aprendidos nas materias de Fisioterapia Xeral I, Fisioterapia Xeral II e Fisioterapia Xeral III, Fisioterapia Manipulativa Articular, Fisioterapia Neurolóxica, Fisioterapia Respiratoria e Fisioterapia Especial para a resolución de patoloxías do sistema nervioso central e periférico, patoloxías do sistema respiratorio, patoloxías do sistema músculo-esquelético e patoloxía oncolóxica.</p> <p>Deste modo, o alumno observará e participará de todo o proceso de actuación profesional da Fisioterapia, desde a identificación de problemas até a aplicación final dun plano terapéutico e a reavaliación do proceso, pasando pola necesaria formulación dos obxectivos terapéuticos en procesos citados anteriormente.</p> <p>Ao mesmo tempo, preténdese que o alumno identifique o seu rol dentro do equipo multidisciplinar, e que coñeza as características particulares de cada centro asistencial con relación aos aspectos de funcionamento e de xestión das diferentes unidades. Isto permitiralle adquirir unha visión global da rede sanitaria galega.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases práctico-clínicas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba práctico-clínica</p> <p><i>Profesora:</i> Sonia Souto</p>	10.5 (10.5)	-	10.5
202	T	Afeccións Médicas e Cirúrxicas <p><i>Descrición.</i> Aspectos xerais da patoloxía de orixe interna e externa de todos os aparellos e sistemas, cos seus tratamentos médicos, cirúrxico, fisioterápicos e ortopédicos.</p>	10 (10)	7	3

		<p><i>Obxectivos:</i> Proporcionar aos alumnos unha serie de conceptos básicos sobre as funcións do noso organismo no curso da enfermidade e as modificacións que ocorren debido a esta</p> <p>Para isto propoñémonos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciar os alumnos na metodoloxía habitual na relación profesional sanitario-usuario. - Familiarizar os alumnos de fisioterapia coa terminoloxía médica máis habitual para a súa futura actividade profesional. - Introducir o alumno de fisioterapia no estudo dos principais grupos de patoloxías médicas que nalgún momento evolutivo requiran a intervención fisioterápica. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba teórica</p> <p><i>Profesor:</i> Rodríguez Villamil</p>			
203	T	<p>Fisioterapia Neurolóxica e Psicomotriz ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes categorías e para a conservación da saúde (neurolóxica e psicomotriz).</p> <p><i>Obxectivos:</i> Ao rematar o estudo desta materia o alumno será capaz de identificar os obxectivos da fisioterapia no tratamento da hemiplexía, a parálise cerebral, os atrasos do desenvolvemento motor dentro do tratamento rehabilitador destes pacientes. Será capaz de identificar os diferentes métodos terapéuticos utilizados nestas patoloxías. Coñecendo as súas bases conceptuais e formas particulares de aplicación.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Quintía Casares</p>	7 (7)	3	4
204	T	<p>Fisioterapia Respiratoria ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes categorías e para a conservación da saúde (respiratoria).</p> <p><i>Obxectivos:</i> Ao rematar o estudo da materia, o alumno será capaz de identificar os parámetros de valoración fisioterápica do paciente con afección respiratoria, e coñecer as técnicas de fisioterapia nas súas bases conceptuais e formas de aplicación.</p> <p>Recoñecerá o rol do fisioterapeuta na educación deste tipo de pacientes de cara á obtención da maior autonomía posible na execución das técnicas, integrando as modalidades terapéuticas de aerosol terapia e ventilación mecánica no proceso de educación.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesora:</i> Luz González Doniz</p>	5.5 (6)	2.5	3
205	T	<p>Fisioterapia Manipulativa Articular ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Fundamentos de fisioterapia. Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes categorías e para a conservación da saúde (manipulativa-articular).</p>	7 (7)	3	4

		<p><i>Obxectivos:</i> Ao rematar esta unidade o alumno deberá coñecer os métodos terapéuticos, a súa fundamentación científica, as fases de execución e aplicación das manipulacións en todas as súas variantes, dominando un número de técnicas seleccionado que lle permitan tratar a maior parte dos trastornos susceptibles de se beneficiar deste medio.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesor:</i> Ramón Fernández Cervantes</p>			
206	T	<p>Fisioterapia Especial ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes categorías para a conservación da saúde (especial).</p> <p><i>Obxectivos.</i> Preténdese que o alumno coñeza o fundamento, así como a execución práctica da quinesoterapia especial, das técnicas especiais de masoterapia, das técnicas de contención e dos métodos de relaxación, todos eles, incluídos dentro da fisioterapia como métodos e como técnicas de tratamentos especiais.</p> <p>Enténdese por métodos e/ou técnicas especiais aqueles que non son de aplicación xeral e que se utilizan para tratar ou previr procesos patolóxicos específicos, ou para actuar de forma particular sobre un órgano ou sistema.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesora:</i> Beatriz Rodríguez</p>	7.5 (7.5)	3.5	4
207	D	<p>Biomecánica ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Bases de biomecánica aplicables ao estudo do movemento humano en fisioterapia. Coñecemento do movemento humano como base para: A) cinesiterapia en todas as súas formas (activa, pasiva, asistida, resistida). B) métodos especiais de fisioterapia. Tecnoloxía para o estudo dos movementos en fisioterapia.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Ao remate desta materia o alumno deberá coñecer os movementos do corpo humano e os seus principios fundamentais, que o capacitarán para realizar análises biomecánicas básicas, avaliar os movementos con exactitude e en concordancia cos principios anatómicos, fisiolóxicos e mecánicos, así como a identificación dos efectos do movemento sobre a estrutura humana, o que lle permitirá efectuar a selección de exercicios e de actividades adecuadas para a prevención, terapia e mantemento do corpo humano.</p> <p>Métodos de ensino: clases teóricas e prácticas</p> <p>Métodos de exame: proba escrita</p> <p>Profesora: Carmen Pardo</p>	7.5 (7.5)	5.5	2
		<p>Optativas para elixir 1 de 4.5c ECTS</p> <p>Libre configuración</p>	4.5 (4.5)		
TERCEIRO CURSO					
301	T	<p>Estadías Clínicas II</p>	10.5 (6.5)	-	10.5

		<p><i>Descrición.</i> Función intra e extrahospitalaria e na atención primaria, realizando a integración dos coñecementos que se vaian adquirindo a casos clínicos coa aplicación das actuacións e os tratamentos fisioterápicos necesarios dentro do tratamento xerale conservación da saúde.</p> <p><i>Obxectivos.</i> O alumno nesta materia ten como materia de aprendizaxe, o coñecemento e a aplicación das distintas técnicas de fisioterapia, a casos reais, nos distintos tipos de patoloxías.</p> <p>O alumno realizará unha HISTORIA DE FISIOTERAPIA con recollida de datos, valoración da patoloxía e outras estruturas relacionadas con esta, establecerá obxectivos, formulará un tratamento con métodos e con técnicas que se van utilizar en función da patoloxía e valoración do paciente ao finalizar o rotatorio.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases práctico-clínicas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba práctico-clínica</p> <p><i>Profesor:</i> Octavio Ruiz</p>			
302	T	<p>Fisioterapia en Especialidades Clínicas I ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes patoloxías e para a conservación da saúde.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Co estudo desta materia preténdese que o alumno integre os coñecementos adquiridos nos dous cursos anteriores, especialmente entre as materias en que se desenvolven os métodos e as técnicas básicas da intervención fisioterápica, e as materias en que se explican as afeccións médicas e cirúrxicas susceptibles de tratamento físico.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Método de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesor:</i> Marcelo Chouza Insua</p>	6 (6)	2	4
303	T	<p>Fisioterapia en Especialidades Clínicas II</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes patoloxías e para a conservación da saúde.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Ao rematar o estudo desta materia, o alumno será capaz de elaborar un plano de tratamento fisioterápico adecuado aos distintos procesos patolóxicos estudados: procesos cardiovasculares, respiratorios, reumáticos, lesións nerviosas periféricas, lesións medulares.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesora:</i> Isabel Yáñez</p>	9 (9)	3	6
304	T	<p>Fisioterapia en Especialidades Clínicas III</p> <p><i>Descrición.</i> Técnicas e métodos específicos de actuacións fisioterápicas e a súa aplicación nas diferentes patoloxías e para a conservación da saúde.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Ao rematar o estudo desta materia, o alumno será capaz de elaborar un plano de tratamento fisioterápico adecuado aos distintos procesos patolóxicos estudados: traumatolóxicos, miopáticos, pediátricos, obstétricos e urolóxicos, psicossomáticos, hemáticos e oncolóxicos.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p>	9 (8.5)	3	6

		<p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita e práctica</p> <p><i>Profesoras:</i> Carmen Pardo e Ángeles Fernández..</p>			
305	T	<p>Afeccións Médicas e os seus Tratamentos ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Aspectos xerais da patoloxía de orixe interna e externa de todos os aparellos e sistemas cos seus tratamentos médicos, fisioterápicos e ortopédicos.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Proporcionar aos alumnos unha serie de conceptos básicos sobre funcións do noso organismo no curso da enfermidade e as modificacións que ocorren debido a esta</p> <p>Para isto propoñémonos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciar os alumnos na metodoloxía habitual na relación profesional sanitario-usuario. -Familiarizar os alumnos de fisioterapia coa terminoloxía médica máis habitual para a súa futura actividade profesional. -Introducir o alumno de fisioterapia no estudo das patoloxías neurolóxicas, hematolóxicas e propias do ancián que nalgún momento evolutivo requiran a intervención fisioterápica. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesor:</i> Antón Aparicio.</p>	5 (5)	3	2
306	T	<p>Afeccións Médicas e os seus Tratamentos ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Aspectos xerais da patoloxía de orixe interna e externa de todos os aparellos e sistemas cos seus tratamentos médicos, fisioterápicos e ortopédicos.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Proporcionar aos alumnos unha serie de conceptos básicos sobre as funcións do noso organismo no curso da enfermidade e as modificacións que ocorren debido a esta.</p> <p>Para isto propoñémonos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciar os alumnos na metodoloxía habitual na relación profesional sanitario-usuario. -Familiarizar os alumnos de fisioterapia coa terminoloxía médica máis habitual para a súa futura actividade profesional. -Introducir o alumno de fisioterapia no estudo dos principais grupos de patoloxías cirúrxicas que nalgún momento evolutivo requiran a intervención fisioterapéutica. -Proporcionar aos alumnos unha serie de conceptos básicos sobre as funcións do noso organismo no curso das enfermidades tributarias de cirurxía e as modificacións que ocorren nesta. -Familiarizar aos alumnos de fisioterapia coa terminoloxía médica habitual daquelas patoloxías cirúrxicas que requiran a colaboración de fisioterapeuta. -Atención especial á exploración dos pacientes. -Ensinar os distintos tipos de inmovilizado con vendaxes, férulas e escaiolas. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesor:</i> Antonio Pernas.</p>	6 (6)	4	2
307	T	<p>Saúde Pública e Lexislación Sanitaria en Fisioterapia ©₂</p>	7	6	1

		<p><i>Descrición.</i> Aspectos fundamentais da saúde. Sistemas de saúde e niveis asistenciais. Epidemioloxía. A fisioterapia no estado de saúde e a súa función na educación sanitaria. Normas legais de ámbito profesional.</p> <p><i>Obxectivos.</i> Co estudo desta materia preténdese que o alumno coñeza a normativa xeral relacionada co ámbito sanitario ao que pertence a fisioterapia, así como aquelas disposicións legais específicas que afectan ao fisioterapeuta.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Luz González Doniz</p>	(5)		
308	T	<p>Psicoloxía Xeral, Evolutiva e da Incapacidade \odot_2</p> <p><i>Descrición.</i> Aspectos psicolóxicos e sociais dos coidados de Fisioterapia.</p> <p><i>Obxectivos.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Psicoloxía da saúde. - Principios básicos de psicoloxía. - Desenvolvemento cognitivo e concepcións sobre a saúde e a enfermidade. - Estrés e saúde. - Adherencia ao tratamento fisioterápico. - Rehabilitación post-infarto de miocardio. - Rehabilitación neuromuscular. - Dor crónica. - Estrés asistencial nos servizos de saúde. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Ana María Bueno</p>	5 (5)	5	-
		<p>Optativas para elixir 2 de 4.5c ECTS</p> <p>Libre configuración</p>	9 (9) 7 (7)		

NOTA: © materia cuadrimestral

Cód.	OPTATIVAS	Créditos (ECTS)	Teórico	Práctico
PRIMEIRO CURSO				
107	<p>Estatística e Metodoloxía Científica</p> <p><i>Descrición.</i> Nocións de Estatística. Metodoloxía investigadora aplicada á Fisioterapia.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
108	<p>Elementos Básicos da Informática para Fisioterapia</p> <p><i>Descrición.</i> Nocións de informática. Principios e sistemas. Aplicacións en fisioterapia.</p>	4.5 (4.5)	2	2.5
109	<p>Inglés</p> <p><i>Descrición.</i> Inglés xeral ao nivel intermedio. Introducción ao inglés con referencia ás Ciencias da Saúde.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
110	<p>Atención integral ao enfermo</p>	4.5 (4.5)	3	1.5

	<i>Descrición.</i> Aprendizaxe dos coñecementos relativos ás actividades que realizan outras profesións sanitarias dentro do ámbito hospitalario e extrahospitalario, desde a perspectiva do profesional da fisioterapia.			
111	<p>Historia da Fisioterapia ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Evolución histórica da fisioterapia. Concepto de fisioterapia e rol do fisioterapeuta dentro do ciclo de saúde.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Concepto de Fisioterapia. Ámbitos de actuación. Código deontolóxico. 2- Desenvolvemento xeral. 3- Desenvolvemento histórico en España. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba teórica</p> <p><i>Profesora:</i> Isabel Raposo</p>	4.5 (4.5)	4.5	-
112	<p>Electromiorretroalimentación en Fisioterapia ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Concepto de Electromiofeedback. Bases. Aplicación clínica. O equipo de Miofeedback: Técnica de aplicación. Aplicacións Quinesiolóxicas do miofeedback. Práctica e casos clínicos.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto electromiorretroalimentación. - Bases e fundamento científico da electromiorretroalimentación. - Utilidade clínica da electromiorretroalimentación. Aplicacións. Lesións do sistema nervioso central. Lesións do sistema nervioso periférico. Lesións do aparello locomotor. - Equipo de electromiorretroalimentación: descrición e manexo do equipo. Tipos de eléctrodos. Rexistro e procesamento do sinal. Irregularidades. - Tipos de retroalimentación: visual, acústica. - Técnica de aplicación: preparación do paciente. - Exemplos prácticos de aplicación por zonas. - Estudos de casos clínicos. - Aplicacións clínicas, fisioterápicas e quinesioterápicas do feedback. - Feedback na incontinencia urinaria. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teórico-prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba teórica e práctica</p> <p><i>Profesora:</i> Beatriz Rodríguez Romero</p>	4.5 (4.5)	2.5	2
113	<p>Hidroloxía Médica</p> <p><i>Descrición.</i> Balneoterapia. Termalismo. Augas minero-medicinais. Principios e aplicacións.</p>	4.5 (4.5)	3.5	1
114	<p>Fisioterapia en Atención Primaria ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Concepto de Atención Primaria. Equipo de saúde, rol de fisioterapeuta en Atención Primaria.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Evolución do concepto de saúde e dos sistemas sanitarios a través da historia. Sistema sanitario español. - Conceptos de atención primaria de saúde. Obxectivo, contidos e posta en marcha. - Traballo en equipo. O equipo de atención primaria. 	4.5 (4.5)	3.5	1

	<p>- Programas preventivos en atención primaria. - Investigación en fisioterapia en atención primaria.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teórico-prácticas <i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesor:</i> Ramón Cervantes</p>			
115	<p>Teoría de Coidados ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Coidados de Enfermaría nas necesidades básicas do ser humano. Técnicas básicas. Toma de constantes vitais e administración de medicamentos.</p> <p><i>Programa:</i> - Coidados de Enfermaría nas necesidades básicas do ser humano. - Os signos vitais. - Valoración da saúde e exploración física. - Administración de medicamentos. - Infección e asepsia.</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teórico-prácticas <i>Métodos de exame:</i> exame práctico <i>Profesora:</i> Socorro Rivero</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
SEGUNDO CURSO				
208	<p>Inglés Avanzado</p> <p><i>Descrición.</i> Inglés xeral ao nivel intermedio. Estudo da linguaxe e textos en inglés con referencia ás Ciencias da Saúde.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
209	<p>Fisioterapia do Deporte ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Lesións típicas do deporte. Prevención fisioterápica.</p> <p><i>Programa:</i> 1- Patoloxía muscular 2- Patoloxía tendinosa 3- Métodos de fisioterapia usados no deporte</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas <i>Métodos de exame:</i> proba escrita <i>Profesor:</i> Aristín González</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
210	<p>Documentación</p> <p><i>Descrición.</i> Fontes documentais. Obtención e procura de datos, procedementos manuais e informáticos. Xestión de rexistros en fisioterapia.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
211	<p>Adaptación Física á Actividade Profesional ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Estática e Cinética aplicada á actividade laboral. Métodos auxiliares. Ergonomía.</p> <p><i>Programa:</i> 1- Introducción 2- Ergonomía 3- Home 4- Centro e posto de traballo. 5- A seguridade, o risco, a patoloxía e a prevención</p>	4.5 (4.5)	3	1.5

	<p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Socorro Rivero</p>			
212	<p>Exploración Topográfica Manual ©₁</p> <p><i>Descrición.</i> Bases xerais da topografía manual. Palpación, identificación de puntos óseos.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Localización topográfica a nivel de cráneo, mandíbula, raque cervical, raque dorsal e tórax. 2- Localización topográfica a nivel de cintura escapular e membro superior. 3- Localización topográfica a nivel do raque lumbar e cintura pélvica. 4- Localización topográfica a nivel do membro inferior. <p><i>Métodos de ensino:</i> clases prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba práctica</p> <p><i>Profesor:</i> José Luis Meilán</p>	4.5 (4.5)	1	3.5
213	<p>Neurofisioloxía do Control Motor</p> <p><i>Descrición.</i> Estudo dos mecanismos de control da actividade motora reflexa e voluntaria. Integración sensorio-motora.</p>	4.5 (4.5)	4.5	-
214	<p>Fisioloxía da Actividade Física e Nutrición</p> <p><i>Descrición.</i> Aspectos fisiolóxicos e clínicos do exercicio. Nutrición e exercicio. Adaptacións funcionais e metabólicas á actividade física: valoración funcional.</p>	4.5 (4.5)	4.5	-
215	<p>Primeiros Auxilios Médicos</p> <p><i>Descrición.</i> Situacións de urxencia médica. Manifestacións en poboación infantil e adulta. Actuacións recomendables.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
216	<p>Bases clínico-farmacolóxicas da analxesia</p> <p><i>Descrición.</i> Aspectos da dor nas diferentes patoloxías clínicas. Semioloxía clínica da dor. Repercusións clínicas. Dor en nenos. Dor en anciáns. Control farmacolóxico. Intervencións farmacolóxicas para unha analxesia. Coñecementos da farmacoloxía analxésica. Vías e métodos apropiados para a administración analxésica.</p>	4.5 (4.5)	4.5	-
TERCEIRO CURSO				
309	<p>Radioloxía do aparello locomotor</p> <p><i>Descrición.</i> Radioloxía patolóxica do aparello locomotor.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
310	<p>Patoloxía Vascular en Fisioterapia ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Descrición das diversas patoloxías vasculares e o seu tratamento fisioterápico. Descrición do tratamento do paciente amputado.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Fisioterapia nas vasculopatías periféricas - Fisioterapia nas patoloxías venosas - Fisioterapia no linfedema - Fisioterapia nos amputados <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p>	4.5 (4.5)	3	1.5

	<p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Isabel Yáñez.</p>			
311	<p>Fisioterapia Obstétrica ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Introducción do alumno no campo obstétrico, dotándoo dos coñecementos necesarios para unha correcta atención do embarazo, do parto e do posparto.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Anatomía e biomecánica pélvica - Interaccións fisiolóxicas e as diferentes etapas do embarazo - Protocolo de valoración e a reeducación prenatal aplicando as técnicas apropiadas a cada período de xestación - Fenómenos producidos durante o mecanismo do parto e durante a fase de puerperio - Técnicas de fisioterapia empregadas na reeducación posparto - Principais complicacións existentes nas mulleres posgravídicas - Incontinencia urinaria, diástase abdominal - Características do neonato normal, do niño prematuro e do considerado como de alto risco. - Coñecementos básicos para a asistencia fisioterápica ao neno acabado de nacer de alto risco. Refle xo gastro-esofáxico <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Sandra Martínez Bustelo.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
312	<p>Fisioterapia Avanzada do Hemipléxico Adulto ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Profundar sobre as técnicas de tratamento neuromuscular no hemipléxico adulto.</p> <p><i>Programa:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto Bobath - Método Perfetti - Facilitación de patróns totais de movemento <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesora:</i> Mercedes Escribano</p>	4.5 (4.5)	2.5	2
313	<p>Fisioterapia Avanzada do Deporte ©₂</p> <p><i>Descrición.</i> Fisioterapia nas diversas lesións do deporte</p> <p><i>Programa:</i> Fisioterapia nas lesións deportivas</p> <p><i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas e prácticas</p> <p><i>Métodos de exame:</i> proba escrita</p> <p><i>Profesor:</i> José Luis Aristiñ.</p>	4.5 (4.5)	3	1.5
314	<p>Fisioterapia na Terceira Idade</p> <p><i>Descrición.</i> Nocións de Xeriatría e Xerontoloxía. Aplicacións da Fisioterapia neste campo.</p>	4.5 (4.5)	3.5	1

315	Atención Sanitaria en Patoloxía Cardio-pulmonar <i>Descrición.</i> Atención sanitaria en patoloxía cardio-pulmonar. Prevención en patoloxía cardio-pulmonar. Principais medidas diagnósticas e terapéuticas. Resucitación cardio-pulmonar.	4.5 (4.5)	3	1.5
316	Avances en Patoloxía Traumática <i>Descrición.</i> Estado actual de los tratamientos óseos, articulares, musculares y ligamentos.	4.5 (4.5)	3	1.5
317	Acupuntura y reflexoterapia © ₁ <i>Descrición.</i> Introducción aos termos e métodos da acupuntura orientado ás patoloxías máis frecuentes que se ven no campo da Fisioterapia. <i>Programa:</i> <ul style="list-style-type: none"> - Lembranza histórica da acupuntura - Fundamentos enerxéticos de la acupuntura - A auto regulación. Planos enerxéticos - Vías principais - Vías secundarias. - Métodos de regulación enerxética - Tratamento a base de acupuntura - Concepto de auriculoterapia - Localización dos puntos de auriculoterapia - Técnica de puntura auricular - Temario práctico <i>Métodos de ensino:</i> clases teóricas <i>Métodos de exame:</i> proba escrita <i>Profesor:</i> Santos Romero	4.5 (4.5)	2	2.5
318	Tratamento Psicológico do Deportista Lesionado <i>Descrición.</i> Variables psicolóxicas e vulnerabilidade ás lesións. Problemática psicolóxica do deportista lesionado. Principais técnicas de intervención psicolóxica na rehabilitación de lesións deportivas.	4.5 (4.5)	3	1.5

NOTA: Todas as materias son cuatrimestrais

GLOSARIO

T = Troncal ©₁ = 1.º cuatrimestre
D = Obligatoria ©₂ = 2.º cuatrimestre